

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3251 *Real decreto 164/2014, do 14 de marzo, polo que se establecen normas complementarias para a produción, designación, presentación e etiquetaxe de determinadas bebidas espirituosas.*

No ámbito da Unión Europea, as bebidas espirituosas encóntranse reguladas no Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativo á definición, designación, presentación, etiquetaxe e protección das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1576/89 do Consello. Por outra parte, os requisitos hixiénico-sanitarios que deben satisfacer os alimentos encóntranse harmonizados por diversas disposicións da Unión Europea de carácter horizontal.

O artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, establece que, ao aplicar unha política de calidade ás bebidas espirituosas producidas no seu propio territorio, os Estados membros poderán adoptar normas máis estritas que as establecidas no anexo II do citado regulamento, en relación coa produción, designación, presentación e etiquetaxe, na medida en que estas sexan compatibles co dereito comunitario.

No ámbito nacional, aínda que se ten constancia de normas anteriores, na década dos setenta e primeiros oitenta, en atención á importancia de determinadas bebidas espirituosas en España e en desenvolvemento da hoxe derogada Lei 25/1970, do 2 de decembro, de Estatuto da viña, do viño e dos alcohois, fóronse establecendo regulamentacións específicas para determinadas categorías de bebidas espirituosas, mediante as seguintes normas: Decreto 644/1973, do 29 de marzo, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio de whisky; Decreto 2484/1974, do 9 de agosto, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do brandy; Decreto 1228/1975, do 5 de xuño, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do ron; Real decreto 2297/1981, do 20 de agosto, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio da xenebra; Real decreto 644/1982, do 5 de marzo, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio de anís; Real decreto 1416/1982, do 28 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de augardentes compostas, licores, aperitivos sen viño base e outras bebidas derivadas de alcohois naturais, e Resolución da Dirección Xeral de Industrias Alimentarias e Diversas, do 15 de febreiro de 1977 pola que se autoriza o emprego de infusións ou extractos hidroalcohólicos de materias naturais na elaboración de brandy.

O Real decreto 176/2013, do 8 de marzo, polo que se derrogan total ou parcialmente determinadas regulamentacións técnico-sanitarias e normas de calidade referidas a produtos alimenticios, realizou unha derogación parcial das normas nacionais sobre bebidas espirituosas, co que se anulaban os requisitos hixiénico-sanitarios que figuraban nelas.

Tendo en conta o marco legislativo da Unión Europea sobre bebidas espirituosas e a evolución da realidade do mercado español, resulta ineludible proceder a adaptar a normativa nacional sobre estes produtos, co fin de mellorar a seguranza xurídica, garantir a leal competencia entre as industrias, dotar das mesmas condicións todos os produtores, mellorar a competitividade do sector e proporcionar unha información adecuada ao consumidor que lle facilite o seu dereito á escolla de compra.

Para realizar esta adaptación cómpre levar a cabo unha simplificación e adecuación destas normas, anulando os requisitos que se contraponen á normativa europea, xa que todos eles están derogados «de facto». Así mesmo, é necesario levar a cabo unha

actualización, excluindo as restricións que poidan situar os produtores españois nunha situación de desvantaxe.

Por outra parte, é preciso reforzar os requisitos e especificidades da produción de bebidas espirituosas en España que demostraron a súa utilidade ao aplicar unha política de calidade. En particular, resulta imprescindible consolidar determinadas mencións que contan cun marcado carácter tradicional e amplo recoñecemento e representatividade no mercado. Dado que estas non foron incorporadas no Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, deben regularse como indicacións facultativas complementarias á denominación de venda que deba levar a bebida espirituosa, en aplicación deste regulamento. Con este mesmo enfoque, considérase necesario incluír certas indicacións facultativas que aínda non contan cunha regulación específica.

Adicionalmente, tendo en conta o disposto no artigo 5.1.e) e no anexo II.5.d) do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, resulta necesario consolidar a lexislación española sobre métodos de produción tradicionais do brandy. En concreto, é preciso incorporar nesta norma as prácticas nacionais tradicionais sobre arredondamento do sabor final do brandy, actualmente contidas nos artigos 4.6 e 5.4 do Decreto 2484/1974, do 9 de agosto, así como os métodos de produción tradicionais de aromatización do brandy, establecidos no artigo 5.4 do Decreto 2484/1974, do 9 de agosto, e no punto primeiro da Resolución da Dirección Xeral de Industrias Alimentarias e Diversas do 15 de febreiro de 1977.

Así mesmo, co fin de facilitar a aplicación desta nova normativa nacional sobre bebidas espirituosas, considerouse conveniente unificar todas as disposicións nun único real decreto, seguindo o esquema desenvolvido pola Unión Europea, que regula todas as categorías de bebidas espirituosas nun mesmo regulamento.

En consonancia co exposto anteriormente, é preciso derrogar o Decreto 644/1973, do 29 de marzo; o Decreto 2484/1974, do 9 de agosto; o Decreto 1228/1975, do 5 de xuño; o Real decreto 2297/1981, do 20 de agosto; o Real decreto 644/1982, do 5 de marzo; o Real decreto 1416/1982, do 28 de maio, e a Resolución da Dirección Xeral de Industrias Alimentarias e Diversas do 15 de febreiro de 1977.

Dado o carácter marcadamente técnico dos requisitos regulados na presente disposición e a necesidade de establecer un marco normativo unitario que sexa de aplicación a todo o territorio nacional e asegure un tratamento uniforme a todos os produtores, o instrumento idóneo para establecelos é o real decreto.

Este real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Así mesmo, foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, trasposta ao ordenamento xurídico nacional mediante o Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, tendo emitido informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, do ministro de Economía e Competitividade e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto da norma.*

Establecer normas complementarias para a produción, designación, presentación e etiquetaxe de determinadas bebidas espirituosas producidas en España, en desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativo á definición, designación, presentación, etiquetaxe e protección das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1576/89 do Consello, en particular, do seu artigo 6.1.

Artigo 2. *Indicacións facultativas para a categoría da bebida espirituosa «ron».*

Para a categoría de bebida espirituosa definida no anexo II.1 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, poderán empregarse as seguintes indicacións facultativas:

- a) Branco: ron que non poderá conter caramelo engadido e que está caracterizado pola súa ausencia de cor.
- b) Dourado: ron procedente da mestura de diferentes rons que foron sometidos a maduración ou envellecemento e rons brancos.
- c) Envellecido: ron que permaneceu en perfias de madeira de carballo durante un tempo mínimo de seis meses.
- d) Anello: ron que permaneceu en perfias de madeira de carballo durante un tempo mínimo dun ano.
- e) Vello: ron que permaneceu en perfias de madeira de carballo durante un tempo mínimo de tres anos.

Artigo 3. *Normas complementarias para a produción, designación, presentación e etiquetaxe da categoría de bebida espirituosa «brandy».*

1. Para os efectos do establecido no artigo 5.1.e) do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, a lexislación particular nacional sobre arredondamento do sabor final do brandy é a seguinte:

- a) O seu contido en materias reductoras será, como máximo, de trinta e cinco gramos por litro de brandy.
- b) Na elaboración de brandy queda autorizado o emprego como edulcorantes de sacarosa e glicosa.

2. Para os efectos do establecido no anexo II.5.d) do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, queda autorizado, como método de produción tradicional do brandy, o emprego de infusións e extractos hidroalcohólicos obtidos dos produtos que a seguir se especifican:

- a) Uva pasa.
- b) Ameixa seca.
- c) Fibras de madeira de carballo.
- d) Pericarpo de améndoa.
- e) Casulos de vainilla e conchos de noces verdes.
- f) Borrás de viño producidas na fermentación do mosto.

Así mesmo, queda autorizado o emprego de viño doce natural.

As infusións ou extractos hidroalcohólicos indicados anteriormente e o viño doce natural utilizaranse nunha cantidade non superior á necesaria para lograr o efecto desexado.

3. En aplicación da disposición adicional primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, regúlanse as seguintes indicacións facultativas, para seren utilizadas nos brandys envellecidos polo sistema de criadeiras e soleiras en cubas de madeira de carballo de capacidade inferior a 1.000 litros e que cumpran os requisitos que se especifican a seguir:

a) Soleira: brandy cuxo contido de substancias volátiles é superior a 150 mg/100 cc de alcohol a 100 por 100 vol. e que foi sometido a un tempo de envellecemento superior a seis meses.

b) Soleira reserva: brandy cuxo contido de substancias volátiles é superior a 200 mg/100 cc de alcohol a 100 por 100 vol. e que foi sometido a un tempo de envellecemento superior a un ano.

c) Soleira gran reserva: brandy cuxo contido de substancias volátiles é superior a 250 mg/100 cc de alcohol a 100 por 100 vol. e que foi sometido a un tempo de envellecemento superior a tres anos.

Para os efectos do disposto neste número, entenderase como contido de substancias volátiles a suma de ácidos volátiles, aldehidos, ésteres e alcohois superiores.

4. Regúlanse, para seren utilizadas nos brandys envellecidos polo sistema de envellecemento estático en cubas de carballo, as seguintes indicacións facultativas:

a) «Reserva»: cando o envellecemento é superior a un ano.

b) «Gran reserva»: cando o envellecemento é superior a tres anos.

Artigo 4. Indicacións facultativas para a categoría de bebida espirituosa «augardente».

Para a categoría de bebida espirituosa definida no anexo II.6 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, poderán empregarse as seguintes indicacións facultativas:

a) Branca: augardente caracterizada pola súa ausencia de cor.

b) Envellecida: augardente que permaneceu en perfias de madeira de capacidade igual ou inferior a 1.000 litros durante un período mínimo dun ano.

Artigo 5. Indicacións facultativas para a categoría de bebida espirituosa «bebida espirituosa anisada».

Para a categoría de bebida espirituosa definida no anexo II.25 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, poderá empregarse a seguinte indicación facultativa:

Anisette: bebida espirituosa anisada cun grao alcohólico mínimo de 20% vol. e un contido en azucre superior a 200 g/l.

Artigo 6. Indicacións facultativas para as categorías de bebida espirituosa «anís» e «anís destilado».

Para as categorías de bebida espirituosa definidas no anexo II.28 e no anexo II.29 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, poderán empregarse as seguintes indicacións facultativas:

a) Extraseco: anís cun grao alcohólico superior a 50% vol. e inferior ou igual a 55% vol. e cuxo contido en azucres totais, expresados en sacarosa, non poderá exceder a cifra de 50 g/l de produto terminado. Deberá ter un contido en aceites esenciais de 1,75 a 3,75 g/l.

b) Seco: anís cun grao alcohólico comprendido entre 35% vol. e 50% vol. e cuxo contido en azucres totais, expresados en sacarosa, non poderá exceder a cifra de 50 g/l de produto terminado. Deberá ter un contido en aceites esenciais de 1 a 3 g/l.

c) Semidoce: anís cun grao alcohólico comprendido entre 35% vol. e 45% vol. e cuxo contido en azucres totais, expresados en sacarosa, será como mínimo de 50 g/l, sen exceder os 200 g/l. Deberá ter un contido en aceites esenciais de 0,75 a 1,5.

d) Doce: anís cun grao alcohólico comprendido entre 35% vol. e 45% vol. e cuxo contido en azucres totais, expresados en sacarosa, é superior a 200 g/l. Deberá ter un contido en aceites esenciais de 0,75 a 1,5 g/l.

e) Cristalizado: anís cun grao alcohólico comprendido entre 35% vol. e 45% vol. e cuxo contido en azucres alcanza a sobresaturación. Deberá presentar o azucre cristalizado nas ramas vexetais que serven de soporte para tal fin.

Artigo 7. *Indicacións facultativas para a categoría de bebida espirituosa «licor».*

Para a categoría de bebida espirituosa definida no anexo II.32 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, poderán empregarse as seguintes indicacións facultativas:

a) Semiseco: licor cun contido en azucre entre 100 e 200 g/l.
b) Doce: licor cun contido en azucre superior a 200 g/l.
c) Cristalizado: licor cun contido en azucre tal que este se presente cristalizado no interior do envase debido á súa sobresaturación.

d) Ponche: licor obtido a partir de extractos ou substancias vexetais, con sabor afroitado, unha cor ámbar característica e un grao alcohólico non superior a 35% vol.

e) Palo: licor elaborado mediante a infusión e/ou maceración da quina (casca de árbores do xénero *Chinona*) e xanzá (raíces de *Genciana lutea*) nunha solución hidroalcohólica, con adición de azucre, sacarosa caramelizada e alcohol etílico de orixe agrícola.

O produto terá unha graduación alcohólica comprendida entre os 25% vol. e 36% vol. O contido en azucres estará comprendido entre 300 e 500 gramos/litro do produto final elaborado.

f) Pipermit: licor con claro sabor a menta, obtido por maceración ou destilación da menta piperita soa ou asociada a outras especies deste xénero, ou dos seus extractos, cun grao alcohólico non superior a 40% vol.

g) Apricot: licor obtido por maceración e/ou destilación de albaricoque e outras substancias vexetais ou dos seus extractos.

h) Ratafía: licor elaborado basicamente con noces verdes. O seu sabor poderase completar con varias plantas aromáticas.

i) Cremat: licor elaborado con destilado de cana, con sabor a café, aromatizado con limón e outras especies.

j) Crema: licor cunha graduación alcohólica entre 24% vol. e 30% vol. e cun contido en azucre superior a 150 g/l.

No caso de estar elaborado con base láctea, a súa graduación alcohólica mínima será de 15% vol.

k) Crema catalana: licor elaborado a partir dunha emulsión láctea e con posibilidade de engadir cremas vexetais, o cal deberá conter como mínimo un 15% de crema de orixe láctea. Ademais, este licor deberá presentar un contido de azucre entre 150 e 400 gramos por litro expresados en sacarosa, alcohol natural de orixe agrícola, aromatizado basicamente con canela e limón.

l) «Destilado»: licor para o cal esta técnica é a fundamental no proceso de elaboración.

Artigo 8. *Indicacións facultativas para as bebidas espirituosas comercializadas baixo a denominación de venda «bebida espirituosa».*

Para as bebidas espirituosas mencionadas no artigo 9.2 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, comercializadas baixo a denominación de venda «bebida espirituosa», poderán empregarse as seguintes indicacións facultativas:

a) Arrak: bebida espirituosa obtida por destilación de sugos fermentados de arroz, cun grao alcohólico superior a 38% vol.

b) Fernet: bebida espirituosa obtida por maceración de diferentes herbas ou dilución dos seus extractos, cunha cor parda moi escura e sabor fortemente amargo. O seu grao alcohólico estará comprendido entre 38 e 47% vol.

c) Curaçao: bebida espirituosa obtida por maceración e/ou destilación de laranxas amargas e/ou substancias vexetais e/ou por adición do seus extractos.

d) Gomerón: bebida espirituosa obtida da mestura de augardente de viño e/ou augardente de borras e/ou augardente de bagazo con seiva cocida da palma *Phoenix canariense* sp, tamén coñecida como mel de palma.

Artigo 9. *Métodos de análise.*

Serán de aplicación os métodos de análise establecidos no Regulamento (CE) n.º 2870/2000 da Comisión, do 19 de decembro de 2000, que establece métodos comunitarios de referencia para a análise das bebidas espirituosas e a súa posterior modificación, o Regulamento (CE) n.º 2091/2002 da Comisión, do 26 de novembro de 2002, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2870/2000 que establece métodos comunitarios de referencia para a análise das bebidas espirituosas, que complementa o anterior. Na falta deles, poderanse utilizar os publicados pola Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) e outros organismos internacionais de recoñecida solvencia, ou métodos nacionais que teñan os valores estatísticos correspondentes de precisión e exactitude.

Artigo 10. *Requisitos de comercialización.*

Os produtos regulados por este real decreto e polo Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, presentaranse e comercializaranse sempre debidamente envasados e etiquetados, e queda expresamente prohibida a trafega ou o reenchemento nos establecementos de venda, grosistas, retalistas, cafeterías, bares, tabernas, restaurantes ou outros establecementos de consumo colectivo. Nos establecementos de distribución as etiquetas e precintas permanecerán adheridas aos envases e disporase dos documentos legais que xustifiquen as existencias daqueles produtos.

Artigo 11. *Etiquetaxe.*

1. A etiquetaxe dos produtos obxecto desta regulamentación rexeráse, ademais de polo disposto no Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, e neste real decreto, polas normas da Unión Europea e nacionais relativas á etiquetaxe xeral dos produtos alimenticios.

2. Ademais das indicacións facultativas reguladas no Regulamento (CE) n.º 110/2008 e neste real decreto, na etiquetaxe das bebidas espirituosas poderanse incluír outras indicacións facultativas, sempre que estas sexan conformes coas normas da Unión Europea e nacionais relativas á etiquetaxe xeral dos produtos alimenticios.

Disposición adicional primeira. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

Os requisitos da presente regulamentación non se aplicarán aos produtos legalmente fabricados ou comercializados nos outros Estados membros da Unión Europea nin aos produtos orixinarios dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) partes contratantes no Acordo do Espazo Económico Europeo (EEE), nin aos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea.

Disposición adicional segunda. *Produtos destinados a exportación.*

Os requisitos establecidos neste real decreto poderán non ser de aplicación aos produtos destinados a terceiros, os cales estarán suxeitos ao establecido no Regulamento (CE) n.º 110/2008, do 15 de xaneiro, e á normativa do país de destino, se a houber, tendo en conta, se for o caso, os acordos internacionais que foren de aplicación.

Os produtos acollidos á excepción prevista no parágrafo primeiro levarán impresa a palabra «Export», en caracteres ben visibles, e non poderán comercializarse na Unión Europea.

A excepción prevista no parágrafo primeiro non será de aplicación, en ningún caso, aos requisitos establecidos nos artigos 3.1 e 3.2 deste real decreto nin na súa disposición adicional terceira.

Disposición adicional terceira. *Pacharán e ronmiel.*

O «pacharán» e o «ronmiel» deberán axustarse ás seguintes definicións:

Pacharán: bebida espirituosa con claro sabor a abruños, obtida por maceración de abruños e incorporación de extractos naturais e/ou destilados de anís, cunha graduación alcohólica comprendida entre 25 e 30 % vol.

Para a elaboración do pacharán empregaranse, como mínimo, 125 gramos de abruños (*Prunus spinosa*) por litro de produto final.

O contido en azucres totais no produto final será de 80 a 250 gramos por litro.

As súas características organolépticas, cor e sabor procederán exclusivamente do froito utilizado.

Ronmiel: bebida espirituosa elaborada mediante a mestura de ron, augardente de cana, augardente de melaza de cana ou sus destilados, azucres, extractos vexetais e mel. O produto final terá un contido do 2% en mel de abella (*Apis mellifera*) e un grao alcohólico máximo de 30% vol.

Disposición transitoria única. *Comercialización de existencias de produtos.*

As bebidas espirituosas embotelladas e etiquetadas antes do 13 de decembro de 2014 que satisfagan as disposicións aplicables antes da entrada en vigor deste real decreto poderanse comercializar até se esgotaren as súas existencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Decreto 644/1973, do 29 de marzo, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio de whisky; o Decreto 2484/1974, do 9 de agosto, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do brandy; o Decreto 1228/1975, do de xuño, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do ron; o Real decreto 2297/1981, do 20 de agosto, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio da xenebra; o Real decreto 644/1982, do 5 de marzo, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio de anís; o Real decreto 1416/1982, do 28 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de augardentes compostas, licores, aperitivos sen viño base e outras bebidas derivadas de alcohois naturais, e a Resolución da Dirección Xeral de Industrias Alimentarias e Diversas do 15 de febreiro de 1977 pola que se autoriza o emprego de infusións ou extractos hidroalcohólicos de materias naturais na elaboración de brandy.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.16.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante o anterior, os artigos 3.3 e 3.4 entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Dado en Madrid o 14 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN